

Orde de atención preferente 2022

Unha orde sen novidades

A orde non incorpora ningunha novidade ao respecto de cursos anteriores.

Mantense a dobre vía de presentación de instancias, **electrónica e presencial**.

As prazas de atención preferente, un parche para disimular as carencias.

Hai unha oferta inicial de menos prazas: 87 por 112 do último ano, mais existe unha pauta que se mantén: só o 28% delas teñen un perfil específico (25 prazas) e o 72% (62 prazas) son sen ningún tipo de especificación. Isto confirma que fan falta máis especialistas de PT e AL nos centros: **queda patente de novo que as prazas de atención preferente non se están usando coa función para a que foron creadas, senón para cubrir as carencias dos centros educativos na atención á diversidade.**

A administración di que a súa pretensión é a de cubrir as prazas para as necesidades educativas con persoal definitivo, algo que ano tras ano cando publican as vacantes do Concurso Xeral de Traslados queda en entredito.

Profesorado interino

O ano pasado solicitamos incluír no artigo 2 a posibilidade de participación ao persoal interino. Neste caso a continuidade na praza estaría vinculada a ter dereito a traballar pola

orde de colocación na lista de persoal interino. Díxosenos que se ía valorar e non se fixo ningún cambio. Demandámolo de novo.
[Non o aceptan.](#)

seguimos
recollendo achegas
(galiza@cig-ensino.gal)
de prazas que se teñan
que incluír na orde

Prazas

Ten que mellorar o sistema de información e comunicación dos centros: as direccións e as xefaturas de orientación teñen que coñecer con suficiente antelación que se vai abrir esta convocatoria para que poidan formular solicitudes e achegar os informes pertinentes.

Coa escasa marxe que tivemos xa detectamos tres centros para os que reclamamos prazas e solicitamos un praza de, como mínimo, unha semana para poder achegar, se hai, máis reclamacións:



CEIP Ría do Burgo (Culleredo). 1 praza de AL (2) Trastornos do espectro do autismo

 **CPI de Castroverde.** Praza de PT (8) na etapa de educación primaria.
Pluridiscapacidade.

 **CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán (Xove).** 1 praza de AL (2) Trastornos do espectro do autista.

Solicitamos, un ano máis, que se poidan solicitar máis de 10 prazas e que nas prazas dos CPIs se identifique se a praza é de primaria ou secundaria.

A administración anuncia que seguirá recollendo as nosas achegas, polo tanto se a vosa praza non está no [anexo](#) non dubidedes en enviarnos a vosa solicitude a galiza@cig-ensino.gal

Continuidade máis alá da etapa educativa

No artigo 8 indícase que o remate da comisión será aos seis anos (polo tempo máximo fixado no Decreto 244/1999.

Atopámonos con algún caso no que a docente non leva os seis anos, pero como hai cambio de etapa do alumno ou alumna, a comisión ten que rematar. Isto pasa, por exemplo, co paso de primaria a secundaria nun CPI mais tamén entre un CEIP e un IES. Pode darse o caso, e de feito é unha realidade, que a docente en comisión pode levar menos dos 6 anos.

Reclamamos unha modificación do artigo 8, para permitir que, se así o solicita a docente, se poida continuar en secundaria, sempre co tope dos seis anos.

A administración di que fóra da norma sempre se intenta dar esta continuidade.



Baremo

Demandamos que nas prazas cun perfil específico se revisen as actividades non homologadas dos apartados 4.1. e 4.2 e só se acepten as directamente relacionadas co perfil das prazas que se piden.

Se solicita tamén que ao igual que xa está recollido no Concurso Xeral de Traslados puntúe o mestrado de educación secundaria, xa que non é un requisito.

Eliminarán a disposición adicional quinta que nun dos seus apartados, o cuarto, recollía esta non puntuación.